

Prezados amigos/as:

Pola presente, dende os Concellos de Ares e Mugardos, ambos na zona de Ferrolterra, queremos convidarvos a tomar parte na XI edición da rota de BTT “ Entre dúas Rías”, que organizamos conxuntamente ca Asociación BIMARES de Ares e o Club Ciclista Ferrol, a través da sección de btt do citado club ferrolterrá.

A rota, terá lugar o día 7 de xuño, domingo, con saída ás 9 da mañá dende o Pavillón Deportivo do Cristo en Mugardos (para chegar a el teredes unha completa indicación dende o acceso da autovía a Mugardos). Trátase dunha rota de btt de dificultade media-alta, discurre nun 95% por camiños e sendas de terra, a través de zonas de bosque, ríos, praderíos e incluso bordeando a costa, case polos cantís. Cúbrese unha distancia de 40 km, cun perfil variado no que hai dende vertixinosos descensos ata boas subidas.

A rota ten un límite de 200 prazas, que cubriranse por riguroso orde de inscrición, non pudiendo rebasar dita cifra xa que o noso obxectivo e poder ofrecer calidade e seguridade. Para elo temos disposto un completo grupo de colaboradores así como: servizo de ambulancia, mecánico en rota, coche escoba, dous avituallamentos en rota e unha monumental churrascada precedida da degustación de empanadas, no remate da rota a celebrar no Pavillón Deportivo de Mugardos, no que ademáis haberá duchas e vestiarios, así como posibilidade de lavar a bicicleta, e aparcamento controlado. Igualmente daremos un agasallo a todos os participantes. Haberá un premio especial de montaña así como ao gañador dun tramo libre (a organización informará durante a proba o momento no que disputaranse ditos premios)

A rota atópase dentro do calendario anual de rotas da Federación Galega de Ciclismo, e ten unha cota de 12 € Se algunha persoa quere esperar ata o mesmo día da proba para inscribirse poderá facelo sempre e cando haxa prazas, pero terá que aboar un suplemento de 3 €. O prazo remata o venres día 5 ás 14 horas, pudiendo tramitarse nas OMIX de Ares e Mugardos, por Internet nas páxinas web de www.bimares.net, e www.clubciclistaferrol.es así como nos locais sociais das dúas sociedades. Tamén nos teléfonos móbiles 696768494-639889007 e nos Tel. e fax 981327662-98144843. É preciso ter máis de 15 anos e dispor de Licencia Federativa aínda que tamén permitirase a participación de non federados sempre e cando abonen unha cota de 8 € por razóns do seguro da proba e no caso de ser menores de idade asinen unha autorización.

Desexando poder saudarvos persoalmente, e que poidades disfrutar con esta rota de singular beleza e atractivo, aproveitamos a ocasión para enviarvos unha aperta.

En Ares, a 13 de abril de 2009.

